

ASUNTO: *Elevación de proposta de adxudicación da mesa de contratación do Concurso para o desenvolvemento das melloras funcionais requiridas no Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) – Versión 3.00*

Expediente: PA01/2012

O día 16 de outubro de 2012 reuniuse a mesa de contratación do Concurso para o **desenvolvemento das melloras funcionais requiridas no Sistema Universitario de Xestión da Investigación - Rexistro de Investigadores (SUXI-RI) – Versión 3.00** para a apertura e lectura das ofertas económicas incluídas polas empresas licitadoras dentro do Sobre C. Proposta Económica (Oferta económica).

A mesa de contratación estivo integrada polas seguintes persoas:

- Presidente:
 - D. Xosé Manuel García Vázquez
- Asesor Xurídico:
 - D. Carlos Gómez Otero
- Interventor:
 - D. Jesús Graña Nogueiras
- Vogais:
 - D. José Antonio Rilo López
 - D. Víctor Carneiro Díaz
 - D. José Fco. Rodríguez de la Concepción
 - D. José Andrés Freire Dapena
 - D. Xabier Sánchez Santos
- Secretario:
 - D. Manuel Mosquera Viso

Trala lectura das ofertas económicas presentadas polas catro empresas admitidas no referido concurso, os resultados ordenados de maior puntuación a menor puntuación foi a seguinte:

Mesa de Contratación	Sobre "C" 04/10/2012		
Expendiente: PA01-2012	Proposición Económica (68.000€ + IVE)	Tempo Extra Garantía (max. 3 anos)	Custo do Soporte (€ + IVE)
Treeologic Telemática y Lógica Racional para la Empresa Europea, S.L.	54.413,60	3	-
Balidea Consulting & Programming S.L.	54.400,00	3	-
Indra Sistemas, S.A.	54.400,00	3	-
Novasoft Soluciones, S.A.	54.400,00	3	-

En base ás valoracións anteriores, o resultado final agregado con todos os criterios tidos en conta no procedemento de contratación, ordenado de maior a menor puntuación obtida polas ofertas presentadas polas empresas licitadoras, foi o seguinte:

- Eventos asociados a apertura dos sobres:

Mesa de Contratación	Sobre "A" 13/09/2012	Sobre "B" 19/09/2012	Sobre "C" 04/10/2012		
Expendiente: PA01-2012	Sobre "A" Admitidos (A) Excluidos (E)	Sobre "B" Admitidos (A) Excluidos (E)	Proposición Económica (68.000€ + IVE)	Tempo Extra Garantía (max. 3 anos)	Custo do Soporte (€ + IVE)
Treeologic Telemática y Lógica Racional para la Empresa Europea, S.L.	A	A	54.413,60	3	-
Balidea Consulting & Programming S.L.	A	A	54.400,00	3	-
Indra Sistemas, S.A.	A	A	54.400,00	3	-
Novasoft Soluciones, S.A.	A	A	54.400,00	3	-

- Valoración da documentación segundo o indicado no Anexo II do prego:

Expendiente: PA01-2012	Sobre "B" (Máximo 30 puntos)				Sobre "C" (Máximo 70 puntos)				Total Sobre "B"+"C" (100 puntos)
	Grao de Detalle (15 puntos)	Estudios das dependenzas (10 puntos)	Outros aspectos do plan (5 puntos)	TOTAL Sobre "B" (30 puntos)	Oferta Económica (55 puntos)	Tempo Extra Garantía (10 puntos)	Custo do Soporte (5 puntos)	TOTAL Sobre "C" (70 puntos)	
Treeologic Telemática y Lógica Racional para la Empresa Europea, S.L.	8,00	5,00	3,00	16,00	54,95	10,00	5,00	69,95	85,95
Balidea Consulting & Programming S.L.	9,00	3,00	3,00	15,00	55,00	10,00	5,00	70,00	85,00
Indra Sistemas, S.A.	14,00	6,00	3,00	23,00	55,00	10,00	5,00	70,00	93,00
Novasoft Soluciones, S.A.	4,00	1,00	2,00	7,00	55,00	10,00	5,00	70,00	77,00

En consecuencia, e vistas as valoracións totais anteriores, a Mesa de Contratación eleva ao Órgano de Contratación do CIXUG a proposta de adxudicación

a favor da empresa **INDRA SISTEMAS, S.A.**, por ter obtido a puntuación máis alta, considerándose entón a máis vantaxosa segundo os criterios de valoración fixados no prego de prescricións administrativas do referido concurso.

Ademais, segundo se detalla no apartado IV do prego de prescricións administrativas, a Mesa de Contratación propón igualmente notificar e requirir á empresa **INDRA SISTEMAS, S.A.**, licitador que presentou a oferta máis vantaxosa, para que no prazo máximo de 10 (dez) días hábiles a contar dende a data de recepción da correspondente notificación presente a documentación requirida para proceder á formalización do correspondente contrato segundo se detalla nos apartados 13.B, 13.C e 13.D do prego de prescricións administrativas e o apartado 20 do Anexo II do prego de prescricións administrativas.

En Santiago de Compostela a 16 de outubro de 2012



D. Xosé Manuel García Vázquez
Presidente da Mesa



D. Manuel Mosquera Viso
Secretario da Mesa